

## HANNAH ARENDT – TEXTO 1

### INTRODUCCIÓN

**Obra:** publicada en 1951 e absolutamente enclavada na súa época, é unha visión innovadora e radical sobre o mal que latexaba no seu tempo: os totalitarismos nas súas dúas formas, nacismo e estalinismo. O texto pertence, en concreto, á segunda parte da obra na que fai unha reflexión sobre a decadencia da relación estado-nación, e como isto afecta á relación individuo-estado.

**Época:** ascenso do nacismo, recorte liberdades ... (apuntes)

**Vital:** (apuntes)

### COMENTARIO

**Tema:** “relación estado-individuo”, “Esfera pública e privada”, “Liberdade do individuo fronte ao estado”

#### Desenvolvemento:

1.- Falamos das dúas dimensión que Arendt marca no SH: a esfera privada (EPrv) e a esfera pública (EPbc).

2.- O texto inicia dicindo que sociedades moi evolucionadas (moi complexas socialmente) precisan dunha EPbc moi forte. Precisan que o ámbito da “política” (leis positivas) ocupe moito espazo (que estableza moitas cousas e deixe poucas á improvisación e ao libre criterio da cidadanía. Para que unha sociedade complexa funcione o hai moitas leis ou hai unha poboación moi evolucionada eticamente. Arendt pensa no primeiro e argumenta que nestas sociedades nas que a EPbc é tan potente, con frecuencia, aparecen conflitos con a APrv; é dicir: aparecen conflitos entre a autoridade do estado e a liberdade inalienable do individuo. (lin 1 a 6)

3.- (ln 6 a 10) A EPrv marca as diferencias entre nós: os SH nacemos esencialmente diferentes, iso é a grandeza da especie. É na EPbc na que, por un impulso de xustiza, os individuos imos igualándonos. A diferenza é natural a igualdade é social; a través da construción social creamos un espazo artificial no que os SH recortan as desigualdades. *(falar da importancia destas ideas novedosas na construción dun mundo futuro máis xusto e máis solidario) (explicar a diferenza que fai Arendt entre **natureza** e **mundo**).*

4.- Facemos especial atención á frase: “*Non nacemos iguais ...*” (ln 8/9). A relacionamos con Beauvoir “*Non se nace muller, chégase a sêlo*”.

5.- Remarcar a súa denuncia: nos estados totalitarios a EPbc ocupa todo o espazo e non deixa sitio á EPrv. O estado anula ao individuo que perde a súa liberdade, o seu espírito crítico e a súa vontade de actuar contra leis inxustas. Os totalitarismos crean seres débiles mentalmente que perden a noción de que o estado son eles e non un aparello diferenciado *(isto tamén pode ir nas conclusións)*.

### CONCLUSIÓN (apuntes)

